

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA DESENVOLVER O PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2018 – 2021.

CONVOCATORIA

Bases reguladoras.

As bases reguladoras do «convenio de colaboración entre a concellería de Política Social do Concello de Vigo e as entidades sociais “Alborada”, “Amaina” e “Érguete” para desenvolver o programa de prevención das drogodependencias e outras condutas adictivas, 2018 – 2021» foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do día 14 de Xuño de 2018.

Crédito orzamentario.

Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo achegará a cantidade anual de 69.725€ con cargo á aplicación presupostaria nº 2310.480.00.12 do exercicio económico.

Obxectivo, finalidade e destinatarios.

As bases aprobadas teñen por obxecto a regulación dos termos de concesión da subvención directa a favor da Asociación cidadá de loita contra a droga “ALBORADA”, a Asociación para a promoción da saúde “AMAINA” e a Asociación “ÉRGUETE”, para o desenvolvemento do PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS 2018 – 2021; co que se pretende promover unha conciencia social sobre a importancia dos problemas, os danos e os gastos persoais e sociais relacionados coas drogas, sobre a posibilidade real de evitalos e a importancia de que a sociedade no seu conxunto sexa parte activa na súa solución. Trátase tamén de aumentar as capacidades e habilidades persoais de resistencia á oferta de drogas e aos determinantes dos comportamentos problemáticos relacionados coas mesmas mediante a aplicación de programas acreditados de prevención universal, selectiva e indicada nos ámbitos familiar, educativo e extraescolar, mellorando a capacitación dos axentes implicados, especialmente no desenvolvemento de factores de protección fronte ao consumo de drogas, a detección precoz e a abordaxe dos primeiros consumos.

Réxime de concesión.

Directa.

Instrución e resolución: órganos competentes.

A Concellería de Política Social será a encargada da instrución do procedemento de concesión da subvención. A Xunta de Goberno Local acordará a aprobación.

Publicidade.

Unha vez aprobado o convenio mediante acordo de Xunta de Goberno Local, publicarase na paxina web municipal. O Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.